



CIRCULAR 5/2015 DA DIRECCIÓN XERAL DE EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E INNOVACIÓN EDUCATIVA POLA QUE SE DITAN INSTRUCIÓNS RELATIVAS Á ORGANIZACIÓN DA PRIMEIRA E DA SEGUNDA FASE DO XVI CONCURSO HISPANOAMERICANO DE ORTOGRAFÍA DO ANO 2015

Por Resolución do 18 de maio de 2015, BOE do 5 de xuño, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades, convócase a fase nacional do XVI Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2015.

De acordo co establecido no punto segundo da citada norma, poderá participar no concurso o alumnado de centros docentes españois que estea matriculado durante o curso 2015-2016 no segundo curso de bacharelato.

En cumprimento do disposto no apartado cuarto da devandita Resolución, os centros docentes e as Administracións educativas das comunidades autónomas colaborarán na selección do alumnado participante na fase nacional do XVI Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2015.

Por todo o exposto,

DISPOÑO

Primeiro

Convócanse as fases primeira e segunda do XVI Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2015, nas que poderá participar o alumnado que no ano académico 2015-2016 estea matriculado no segundo curso de bacharelato nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo

1. Os centros educativos que desexen participar deberán inscribirse ante a Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, que actúa como órgano instrutor do procedemento, ata o día 2 de outubro, remitindo un correo ao enderezo electrónico premios@edu.xunta.es





cos datos que figuran no anexo I.

2. Posteriormente os centros inscritos nomearán un xurado que, mediante as probas que estime oportunas, seleccionará a alumna ou alumno representante do centro, de acordo co establecido no punto 2 do apartado cuarto da citada Resolución do 18 de maio de 2015.
3. Finalizada a fase anterior (desenvolvida no centro docente) e antes do 9 de outubro, os centros inscribirán o gañador ou gañadora para participar na segunda fase, remitindo o anexo II á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo).

Así mesmo, dentro dese prazo e co propósito de facilitar a organización da segunda fase, os centros enviarán, ao enderezo electrónico premios@edu.xunta.es, o citado anexo II cos datos do/a alumno/a seleccionado/a .

Terceiro

De acordo co punto 3 do apartado cuarto da citada Resolución do 18 de maio de 2015, constituirase un xurado que estará formado polos seguintes membros:

Presidente/a:

- A persoa titular da subdirección xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- A persoa titular do Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
- Ata dous/dúas inspectores/as, catedráticos/as ou profesores/as das especialidades de lingua e literatura ou latín, designadas pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.



Secretario/a:

- Un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Cuarto

O alumnado inscrito na segunda fase realizará as probas de selección o día 15 de outubro de 2015, ás 17.00h, no IES de Sar, Curros Enríquez s/n, de Santiago de Compostela (A Coruña).

Quinto

1. O xurado proporalle ás persoas aspirantes series de palabras, frases ou textos cun nivel progresivo de dificultade ortográfica que permitan poñer de manifesto o uso correcto da normativa ortográfica vixente. As distintas partes da proba terán carácter eliminatorio.
2. No inicio das probas, o xurado fará público os criterios para levar a cabo o proceso de eliminación, así como de resolución dos posibles empates.
3. O xurado seleccionará como gañador/a da segunda fase o/a alumno/a que supere o maior número de series.

Sexto

1. O xurado fará públicos, antes do 21 de outubro de 2015, os nomes dos/as alumnos/as seleccionados/as a través do portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria <https://www.edu.xunta.es>. Así mesmo, o/a secretario/a do xurado deberá remitirle a correspondente notificación á persoa gañadora.
2. A acta quedará arquivada na Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Sétimo

As persoas clasificadas nos dous primeiros lugares da segunda fase recibirán un agasallo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e un diploma acreditativo.





Oitavo

A persoa gañadora da segunda fase, acompañada por un profesor ou unha profesora do seu centro, participará como representante da Comunidade Autónoma de Galicia na fase nacional, que se celebrará no lugar e na data que fixará o Ministerio de Educación, Cultura e Deporte. En todo caso, estas probas terán lugar no mes de novembro de 2015.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2015

O director xeral de Educación, Formación profesional e Innovación Educativa




Manuel Corredoira López



ANEXO I

XVI Concurso Hispanoamericano de Ortografía 2015
Primeira fase. Inscripción do centro educativo

Don/a _____,

Director/a do centro educativo _____

Código do Centro _____

Localidade _____

Provincia _____

Comunica a inscrición deste Centro no XVI Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2015, de acordo co establecido na Resolución do 18 de maio de 2015, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades (BOE do 5 de xuño).

_____, ____ de _____ de 2015

Sr. Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa .
(Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo. Consellería de
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria).
Edif. Adm. San Caetano s/n, bloque 2, 1º. 15781 - Santiago de Compostela





ANEXO II

XVI Concurso Hispanoamericano de Ortografía 2015
Segunda fase. Inscripción do centro educativo

Don/a _____,

Director/a do centro educativo _____

Código do Centro _____

Localidade _____

Provincia _____

Comunica os datos da/o alumna/o gañador/a da fase do centro para os efectos de inscrición na segunda fase do XVI Concurso Hispanoamericano de Ortografía do ano 2015, consonte ao punto 2 do apartado cuarto da Resolución do 18 de maio de 2015, da Secretaría de Estado de Educación, Formación Profesional e Universidades (BOE do 5 de xuño).

Apelidos _____ Nome _____

NIF _____

_____, ____ de _____ de 2015

(Sinatura e selo do centro)

Sr. Director Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa
Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.
(Subdirección Xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo.
Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria). Edif. Adm. San
Caetano s/n, bloque 2, 1º. 15781 - Santiago de Compostela

